

**TÍTULO:** Trémulo sufrimento

**LEMA:** De certo, a vida ía en serio

Incombustible,  
narcotizante.

Tentando precisar o que dura un segundo  
un suspiro no ar  
observei que se prolonga  
no contacto dun bico ao alborecer.

Toquei o ceo coa punta dos dedos,  
xusto á beira do abismo;  
acariñando o meu talón a hecatombe que baixo os meus pés se abría.

Soñei con verte  
espido no infinito discorrer das canles.

Espertei  
no silencio do baleiro das miñas sabas  
nunha escura noite de alboradas.

Sentín a soildade calcificándose nos ósos,  
debilitando o pulso ata chegar a rigor mortis.

Precisei do estímulo dun bico  
para voltar ós recordos que no alén se disiparan.

Amorodos vermellos nas dedas  
sentindo as espiñas da túa envenenada rosa  
arrincada do xardín prohibido.

Abriuse a aorta  
botei man afanosa de atopar axuda pra nos salvar.

Soñei cos ocos,  
co baleiro cheo de recordos que deixaches no meu berce  
alicerce pasaxeiro.

Imaxineinos xuntos,  
gozando do atardecer dos tempos  
e das engurras da túa cara ao sorrir.

Pinteite cos ollos pechados  
cegos de luz da túa mirada,  
edulcorante do meu café cada mañá.

Peiteei os teus irregulares cabelos,

ao seu antollo movidos polo vento  
sentindo cada folículo como meu.  
Achei o valor do infinito  
o sentido da dirección do vento,  
a orixe do universo  
e o porqué do amor presente en cada célula.  
Chorei bágoas de sangue imaxinándote lonxe,  
a dous metros baixo terra exactamente.  
Doeu a túa ausencia  
doeron os soños baseados no irregular terreo das mentiras  
e con promesas de escuma por cementos do teu teatro.  
Ficas agora fóra.  
O fío do teu coitelo crávase na aurícula do teu recordo.  
Infartos de cólera e hidrofobia contida  
agóchanse na gaiola do recordo.  
Só fora trémulo sufrimento.